



CEIP PLURILINGÜE de Silleda

Rúa da Estación, 2, 36540 Silleda,

Tel: 886 15 16 96 Fax: 886 15 17 05

Correo-e: ceip.silleda@edu.xunta.gal

Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsilleda>



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIP PLURILINGÜE DE SILLEDA

GUÍA DO ALUMNADO (2023-24)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CARGOS E RESPONSABILIDADES

☞ EQUIPO DIRECTIVO:

Directora: M^ª Consuelo Rodríguez Costoyas

Horario: De luns a venres de 12:15 a 13:55

Xefe de Estudos: Manuel Darriba Cibeira

Horario: Martes e venres de 12.15 a 14.00

Secretario: Miguel Vilariño Torres

Horario: de luns a venres de 9 a 11

☞ ENCARGADA DO COMEDOR: Raquel Lareo Rodríguez

☞ PROFESORADO:

EDUCACIÓN INFANTIL

Titoría grupo mixto 1 Rosa Zalabeite Meijomín

Titoría grupo mixto 2 Miriam Ramos García

Titoría grupo mixto 3 Isabel Fondevila Gómez

Titoría grupo mixto 4 Susana Blanco Facorro

Titoría grupo mixto 5 Margarita Carballal García

Titoría grupo mixto 6 Patricia Rodríguez Reboredo

Apoio e psicomotricidade : Mercedes Rivas Abeledo e Verónica Simón Mejuto

Coordinadora de ciclo de EI: Isabel Fondevila Gómez

EDUCACIÓN PRIMARIA

1^ªA Raquel Lareo Rodríguez

1^ªB M^ª del Carmen Otero Otero

2^ªA Rocío Caramés Fondevila

2^ªB Cristina Frade Sánchez

3^ªA Laura Louzao Riádigos

3^ªB José Ramón López Barcala

4^ªA María Ares Fondevila

4^ªB Andrés Gayoso Collazo

5^ªA Pilar Rey González

5^ªB M^ª Consuelo Rodríguez Costoyas

6^ªA Manuel Darriba Cibeira

6^ªB África Bonet Carballo

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA AS FAMILIAS

☞ OBXECTOS PERDIDOS

Existe un espazo na conserxería onde se depositan todas as prendas e materiais extraviados polo alumnado. Os obxectos non reclamados, serán entregados ao final de curso, a institucións benéficas. Para evitar perdas aconséllase marcar a roupa co nome e curso do neno/a (sobre todo en E. Infantil).

☞ ABALAR MÓBIL

As familias poden descargar esta aplicación (abalarMóbil) dende Google Play Store (sistema android) ou Apple Store (sistema apple) para dispoñer de varias funcionalidades como acceder aos datos persoais, **consultar as cualificacións**, consultar avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro, consultar as faltas de asistencia, etc.

☞ MATERIAIS E OBXECTOS

Hai que evitar, na medida do posible, compartir materiais ou obxectos, polo que as familias deben atender as instrucións do equipo docente en canto aos materiais e obxectos que pode levar o alumnado ao centro educativo.

☞ AULA VIRTUAL DO CENTRO

Todo o alumnado do centro estará matriculado na aula virtual no curso que lle corresponde e daráselle un código de usuario e unha contrasinal para acceder a ela.

☞ LIBROS DE TEXTO

Os libros de texto que pertencen **ao fondo solidario** teñen que ser devoltos ao final de curso e **en bo estado**, en caso contrario deberán repoñelos.

2023

SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3						1			1	2	3	4	5								
4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12	4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19	11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26	18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30		23	24						27	28	29	30				25	26	27	28	29	30	31
							30	31																			

2024

XANEIRO							FEBREIRO							MARZO							ABRIL						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	5	6	7	8	9	10	11	4	5	6	7	8	9	10	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	12	13	14	15	16	17	18	11	12	13	14	15	16	17	8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21	19	20	21	22	23	24	25	18	19	20	21	22	23	24	15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28	26	27	28	29				25	26	27	28	29	30	31	22	23	24	25	26	27	28
29	30	31																			29	30					

MAIO							XUÑO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5			1	2					
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30

Días non lectivos elixidos polo centro: 13 de Outubro e 20 de Maio

Día do ensino: 7 de decembro.

Vacacións de Nadal: Dende o 22 de Decembro ata o 7 de Xaneiro.

Entroido: Dende o 12 de Febreiro ata o 14

Semana Santa: Dende o 25 de marzo ata o 1 de abril.

Remate do curso: 21 de Xuño.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Pedagogía Terapéutica: Silvana González Rocha, M^a Carmen López Gómez e Noa Fuertes Opazo

Audición e Linguaxe: Marta López García e Natalia López Bargados

Orientación: Eva Cutrín Carbia

👉 **PERSONAL NON DOCENTE**

Oficial de mantemento e conserxe: Luis Balo Villaverde

Encargada da limpeza (edificio principal): María Concepción Cuiña Fuentes

Encargada da limpeza (edificio infantil): María Teresa Troitiño Couto

Auxiliar administrativo: Jesús Ares Fondevila

👉 **TITORIA DE NAIS E PAIS**

A titoría de pais e nais é cada martes de 15:30 a 16:30 horas (**previa petición de hora**). Está prohibido subir ás clases fóra do horario establecido para a titoría de pais/nais. Para calquera necesidade dirixiranse á conserxería. En caso de vir recoller a un alumno/a será o conserxe o encargado de ir avisar ao seu titor/a. En ningún caso poderá subir o pai/nai ou persoa encargada de recollelo á aula.

👉 **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

O comedor funcionará durante todo o curso escolar. Fomentaranse hábitos, boas maneiras e costumes de “saber estar” á mesa. O persoal colaborador resolverá calquera conflito ou necesidade do alumnado. **Está prohibido que calquera pai/nai entre no centro co obxectivo de observar ao seu fillo/a.** Ante calquera imprevisto serán informados de inmediato aos números de teléfono facilitados.

👉 **ENTRADAS E SAÍDAS**

Entrada: 8:55 h. Saída do alumnado non usuario de comedor: 13:55h. Saída do alumnado non usuario de transporte escolar ás 14:50h e os usuarios de transporte a partir das 15:00h.

Prégase puntualidade para traer e recoller ao alumnado. **En caso de chegar con retraso terán que cubrir ficha de control en Administración.**

👉 **AVALIACIÓNS**

Haberá 3 avaliacións: As familias recibirán información a través do boletín de notas (tamén **na aplicación abalarMóbil**) que se enviará nas seguintes datas:

1ª Avaliación: 21 de decembro, **2ª avaliación:** 22 de marzo, **3ª avaliación:** 21 de xuño.

HORARIO

A **hora de entrada á clase** será ás 8:55 e a hora de saída ás 13:55 horas. Os períodos lectivos son de 50 minutos. Hai, polo tanto, cinco clases, unha sesión de lectura e un recreo de 30 minutos (de 11:25 a 11:55 h. en Ed. Primaria e de 11.55 a 12.25 h en Ed. Infantil).

O timbre **soará unha soa vez para indicar o final de cada clase e o comezo da seguinte.**

NORMAS DO CENTRO

- **A entrada á clase debe ser puntual.** Considérase que a clase xa comezou cando o mestre/a cerra a porta da aula; a partir deste momento, a chegada á clase prodúcese con retraso.
- Durante as clases, o alumnado debe de **permanecer na aula**. Está prohibido a saída ao corredor, ao patio ou ao baño, agás cando o mestre/a dea o seu permiso.
- **Os traslados dunha clase á outra deben producirse con orde:** non está permitido berrar, correr, saltar, lanzar obxectos, entorpecer o paso, empurrar ou insultar aos compañeiros/as, nin calquera outra acción que poida alterar a orde. Debemos manter limpos os corredores e o patio, por iso non deixaremos neles papeis, restos de comida, botellas, etc.
- **Acudirase ao servizo nas horas de recreo (agás en casos de enfermidade ou urxencia).**
- **Se o profesor non chega,** o/a delegado/a ou encargado/a dirixirase á Xefatura de estudos e comunicará a súa ausencia; mentres tanto, o resto do alumnado deberá permanecer na aula en orde.
- **Débense coidar os baños,** non son un lugar de reunión nin de xogos. Os mestres/as poderán acceder a eles ou ordenar o seu desaloxo en calquera momento.

NORMAS DE AULA

- **O alumnado non pode saír do centro sen a supervisión dun familiar ou persoa autorizada e/ou sen firmar o permiso correspondente.**
- En todo momento o alumnado está obrigado a seguir as **indicacións do profesorado e do persoal non docente** que traballa no centro.
- Sempre **se debe trasladar** no prazo de tempo establecido **a información que se lles facilite** para transmitirla ás familias.
- Xustificaranse as **faltas de asistencia e/ou atrasos** empregando o modelo de xustificante do centro.
- **A entrada na aula realizarase con orde;** o alumnado esperará ao comezo da clase sentado, en silencio e preparando o material necesario.
- Na clase, as mesas estarán colocadas segundo a disposición que o mestre/a considere oportuna e **os alumnos/as sempre se sentarán no lugar asignado por el/ ela.**
- Só está permitido **levantarse e moverse pola aula co permiso do mestre/a;** polo tanto, débese pedir permiso previamente.
- **Está prohibido** comer, beber e **consumir goma de mascar** ou lambetadas **na clase.**
- **A aula debe permanecer limpa e en orde** en todo momento.
- **Débese coidar o material que hai dentro da aula.** Non se permite pintar nas mesas e nas cadeiras, nas paredes e nos carteis e taboleiros de anuncios.
- **Só está permitido saír da clase co permiso do mestre/a** e sempre que exista unha causa xustificada.
- **Débese traer o material necesario para cada clase.** É recomendable unha axenda onde apuntar os deberes, as datas de exames e outras informacións de interese. Está totalmente prohibido o uso do material dun compañeiro/a sen o permiso deste e, por suposto, a apropiación indebida de material alleo.
- **Durante os exames,** o alumnado non pode saír da aula ata que finalice a clase, aínda que terminara o exercicio con antelación. Débese permanecer sentado e en silencio, sen molestar aos compañeiros/as, ata que remate a clase.